

Liña estratéxica nº 7. Apoio aos procesos de incorporación social das persoas con trastornos aditivos.

ACTUACIÓNS CLAVES	RESPONSABLE	INDICADORES	FONTE
Coordinación coa Rede de Servizos Sociais para facilitar o acceso da poboación drogodependente con problemas de exclusión social ás prestacións sociais básicas.	Consellerías de Sanidade e de Traballo e Benestar	<ul style="list-style-type: none"> Nº de drogodependentes en situación de exclusión que acceden ao Sistema Galego de Servizos Sociais. 	Sistema Galego de S. Sociais
Coordinación co Servizo Público de Emprego para facilitar o acceso da poboación drogodependente en tratamento aos servizos e programas de orientación, formación e inserción laboral normalizados.	Consellerías de Sanidade e de Traballo e Benestar	<ul style="list-style-type: none"> Nº de drogodependentes con dificultades de inserción laboral que acceden aos recursos e programas do Sistema Público de Emprego. 	Sistema Público de Emprego
Promover o deseño de programas de incorporación personalizados (PIP) para os pacientes en tratamento na Rede de Condutas Aditivas que presenten dificultades neste ámbito.	Consellerías de Sanidade e de Traballo e Benestar	<ul style="list-style-type: none"> Nº de pacientes atendidos na Rede de Tratamento de Condutas Aditivas que dispoñen dun PIP. 	XESAPI (*)
Elaboración dun modelo de xestión dos procesos de incorporación social da poboación drogodependente, consensado entre os servizos de tratamento de condutas aditivas e os servizos sociais e de emprego.	Consellerías de Sanidade e de Traballo e Benestar	<ul style="list-style-type: none"> Nº de unidades de condutas aditivas que aplican o modelo de xestión. 	Dirección de Asistencia Sanitaria
Difusión entre a poboación con drogodependencias de materiais informativos sobre os recursos dispoñibles para apoiar os procesos de incorporación social e dos requisitos de acceso a estes.	Dirección de Asistencia Sanitaria	<ul style="list-style-type: none"> Material actualizado dispoñible en web e distribuído en centros sanitarios e sociais, se for preciso. 	Dirección de Asistencia Sanitaria
Colaboración ao funcionamento de servizos de mediación e acompañamento de apoio á integración dos pacientes da Rede de Tratamento de Condutas Aditivas en recursos normalizados.	Dirección de Asistencia Sanitaria	<ul style="list-style-type: none"> Nº de pacientes que se benefician do servizo. 	XESAPI (*)
Impulso de accións de sensibilización dirixidas a profesionais dos servizos sociais, sanitarios, formativos e laborais sobre as necesidades en materia de incorporación social dos drogodependentes en tratamento.	Consellería de Sanidade	<ul style="list-style-type: none"> Nº de accións de sensibilización realizadas. Nº de destinatarios das accións sensibilizadoras. 	Consellería de Sanidade
Colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.	Dirección de Asistencia Sanitaria e Consellería de Traballo e Benestar	<ul style="list-style-type: none"> Nº de recursos subvencionados. Nº prazos dispoñibles en recursos convivenciais. Nº de beneficiarios. 	D. Asistencia Sanitaria e Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración e difusión dunha Guía de boas prácticas en materia de incorporación social de persoas con trastornos aditivos.	Consellería de Traballo e Benestar	<ul style="list-style-type: none"> Material actualizado dispoñible na web e distribuído en centros sanitarios e sociais, se for preciso. 	Consellería de Traballo e Benestar
Consideración das persoas en fases avanzadas de tratamento por trastornos aditivos ou daqueles que completasen satisfactoriamente o tratamento entre os colectivos prioritarios para o acceso ás prestacións sociais e os servizos e programas de formación ou integración laboral ofertados pola Administración autonómica para colectivos en risco de exclusión social	Xunta de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> Liñas de axudas e programas de apoio á incorporación sociolaboral que inclúen como colectivo en risco de exclusión os pacientes ou ex pacientes con trastornos aditivos. 	Xunta de Galicia

(*) XESAPI (Xestión do Sistema de Avaliación de Prevención e Incorporación).